

## **CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ALUMNOS / AS, DA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO RAMON FALCON LUGO (EASDRF), PARA FACER PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNNS NO EXTRANXEIRO (Nun país da Unión Europea)**

**PRESENTACIÓN DESTE PROGRAMA DE PRÁCTICAS. Para rematar antes do 30 de Maio de 2016.**

A EASDRF de Lugo, ofrece este programa de prácticas, nun esforzo por promover actividades máis preto das empresas e institucións doutros países, en virtude da Carta Erasmus outorgada para 2014-2020, (Convenio Erasmus Prácticas). Este programa combina o mellor dos programas de mobilidade internacional:

- Mellorar o coñecemento de idiomas, para aprender de primeira man como é o traballo e a sociedade doutros lugares, mellorando as habilidades lingüísticas.
- Completar a súa formación cos coñecementos que da a práctica, o que facilitará a entrada no mercado de traballo.
- Coñecer xente de procedencias e culturas moi diferentes que axudarán a a ver o mundo con ollos distintos.
- Desenvolver un conxunto de competencias e habilidades persoais que será moi difícil obter doutro xeito.

*Alumnos / as:*

- Poden completar a súa educación con formación práctica en empresas ou institucións.
- Permitir a validación das prácticas e do Módulo FCT .
- Durante as prácticas teñen o apoio dun titor profesional na empresa ou institución e unhas orientadores académicos, que son o profesor Titor de Prácticas do Centro e o Coordinador de Programas Internacionais da EASDRF Lugo.

*Empresas e institucións:*

- A incorporación de alumnos as súas empresas non implica ningunha relación contractual entre eles e a empresa.
- A incorporación dos alumnos é debidamente notificada ás autoridades administrativas.
- Os estudantes non reciben ningunha paga. A súa remuneración non é un obxectivo, nin unha prioridade deste programa.
- A determinación das horas de práctica depende en gran medida das necesidades da empresa ou institución. Con todo, o número mínimo de horas para as prácticas, será de oito horas durante tres meses.
- Os alumnos para os que están dirixidas as prácticas, son aqueles con maior formación, son os do último ano dos diferentes Estudos Superiores e dos Ciclos de Grao Superior.

A Dirección da Escola de EASDRF Lugo, xunto coa coordinación de programas internacionais seleccionará para o curso 2015-16, para a realización de prácticas de empresa no estranxeiro a **dous alumnos / as candidatos**, que estén matriculados en calquera dos Estudos Superiores ou dos Ciclos de Grao Superior, impartidos nesta Escola Superior de Deseño de Lugo.

A selección de alumnos / as da Escola estará baseada nos seguintes criterios, obtendo a beca Erasmus+ aqueles alumnos/ as, que acaden maior puntuación na suma dos tres criterios seguintes:

### **Criterio 1. Expediente académico ata o momento da solicitude (máximo 3 puntos)**

Inclúranse tódalas asignaturas e módulos do alumno, cualificadas ata o momento da solicitude, calculándose a media aritmética.

### **Criterio 2. Entrevista persoal. (Máximo 2 puntos).**

Recoméndase que o alumno / a que leve á entrevista o seu currículo vitae (**Europass**) e un portafolio no que se recollan tódolos aspectos que considere axeitados e que considere que son útiles para ser seleccionado.

## **REQUISITOS PARA PARTICIPAR**

Poderán participar neste programa os alumnos / as que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus.
- Estar matriculado na EASD Lugo, en calquera dos Estudos Superiores, tanto no momento de presentala solicitude coma no momento de realización das Prácticas.

- Cumprir con tódolos requisitos para poder facelas prácticas no ano 2016.
- Non ter participado previamente nunha bolsa Erasmus para prácticas en empresas.
- Xustificar que ten o nivel B2, necesario da lingua utilizada na empresa de destino.

Para ser elixible para unha beca de prácticas Erasmus é obrigatorio probar o coñecemento do idioma, no caso de non poder probalo documentalmente, deberá pasarse unha proba de nivel de B2 polo equipo docente da Escola (inglés, ou o idioma do país onde queira facelas prácticas), A acreditación realizarase axuntando a solicitude calquera das certificacións, que acrediten o nivel, e polo tanto que eximan de facela proba.

### **SOLICITUDE E PRAZOS**

O formulario de solicitude e a información sobre os documentos para este curso 2015-16, están na portaría da EASDRF de Lugo. **Prazo de solicitude en terceira convocatoria do 9 de Novembro o 23 de Novembro de 2015 (os dous inclusive)**. É necesario presentalo formulario xunto co xustificante de ingreso de **200€ na conta de ABANCA da EASDRF na secretaría da EASDRF Lugo**.

### **PRAZAS QUE SE OFRECEN.**

O número de prazas de mobilidade Erasmus durante o **ano académico 2015-2016 a seleccionar é de dúas no programa Erasmus +.**

### **DOCUMENTOS A SEREN PRESENTADOS.**

Documentación xeral:

- 1. Impreso de solicitude Erasmus. Cubrirase o formulario dispoñible na portaría ou na web da EASDRF. Unha vez cumprimentado, será asinado e entregado xunto co resto dos documentos na Secretaría do Rexistro do Centro.
- 2. Fotocopia do DNI ou documento de identificación oficial.
- 3. Estudiantes de países de fóra da UE: a autorización de residencia válida. Con estudantes de países de fóra da UE é importante considerar en que país fará a estadía (Visado) (ver acordo Shengen).
- Un Convenio entre as tres partes: empresa de acollida, alumno e EASDRF de Lugo. no caso das becas Erasmus.es Prácticas.
- 4. Unha fotografía tamaño carné, co nome escrito no reverso.
- 5. Os méritos e títulos de cursos de acreditación ou de experiencia profesional. non incluídos no expediente académico. Independentes do curriculum Vitae a presentar na entrevista persoal.
- 6. No seu caso o Certificado Oficial da Lingua B2, correspondente o país de destino solicitado que acredite o nivel do alumno nesa lingua.

Cando proceda, marca a opción da necesidade da proba e certificación de nivel de idioma.

### **PROBA DE IDIOMA**

As persoas que non teñan a acreditación do nivel de lingua estranxeira no nivel B2 para participar na práctica Erasmus farán as probas seguintes: escrita, de escoita e oral, **o día 27 de Novembro de 2015 de 10,00-11,00 horas**. Na aula 6A da Escola. Sinalarase esta circunstancia, no formulario de solicitude, no caso de ter que facela proba.

### **ENTREVISTA PERSOAL**

Aqueles alumnos que soliciten estas estadías deberán presentar un Curriculum Vitae, así como un portafolio cos seus traballos, na entrevista que se desenvolvera **o día 27 de Novembro de 2015 de 11 a 12,00** na aula 6A da EASDRF para a súa avaliación polo tribunal de selección.

### **PERÍODO DE ESTADÍA**

As Prácticas Erasmus financiaranse un máximo de tres meses, sempre que este período se enmarque no mesmo curso, considerando a data de inicio o primeiro de Febreiro de 2014 e finalización o 30 de Maio de 2016. O compromiso de cumprir dita estadía, será adquirido polo alumno despois da sinatura do acordo financeiro. O incumprimento da estadía planeada podería dar lugar a sancións. Calquera cambio na duración da estadía será comunicado a Dirección da EASDRF Lugo.

### **DOTACIÓN ECONÓMICA**

A bolsa Erasmus é fundamentalmente académica, facilita a mobilidade dos estudantes a outros países europeos e o posterior recoñecemento dos estudos realizados. As axudas teñen como finalidade a de sufragar os custos adicionais da mobilidade.

A bolsa Erasmus Prácticas para o curso académico 2015-2016 é de 900 euros /alumno estadia para países do grupo 3, como é Portugal.

Farase un único pago, co 100% da subvención total, na semana anterior a súa incorporación á empresa, así como a devolución da fianza depositada na conta da EASDRF Lugo..

Pode haber apoio económico doutras axencias de financiamento como a Comunidade Autónoma de Galicia, ou a propia Escola. Si se ten algunha discapacidade, poderase beneficiar dunha subvención adicional. A EASDRF tamén proporcionará aos participantes un seguro de accidentes ou morte. (É responsabilidade e obrigaón do estudante contratar un seguro médico e un seguro de responsabilidade civil).

### **PROCESO E RESOLUCIÓN:**

#### **LISTA DE PERSOAS ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E SELECCIÓN DOS BOLSEIROS / AS.**

- Lista de admitidos e excluídos: Rematado o prazo de solicitudes poñerase no taboleiro de avisos mostrarase a relación de candidatos aceptados e rexeitados Concederase un prazo máximo de 7 días para corrixir erros e / ou proporcionar a documentación. Tras este período, serán permanentemente excluídos todos aqueles aspirantes que non solucionaran os erros ou non aportaran a documentación descrita na lista provisional.
- O feito de que un estudante apareza na lista de persoas admitidas a proceso de selección non implica que a concesión lle fose concedida ou reservado, senón que a súa documentación está completa e que reúne as condicións esixidas para cualificar optar a unha praza.
- Avaliación das solicitudes: Realizaraa a Comisión Erasmus da EASDRF tras avalialo expediente académico dos candidatos, a proba de acreditación de idioma, a entrevista persoal e o Europass de cada solicitante.  
A valoración aplicada á selección de competencias lingüísticas acreditados terá un máximo de 2 puntos. O coñecemento dunha terceira lingua, ou sucesivas, avaliaranse coa puntuación asignada ao Currículum Vitae.
- Concesión provisional de prazas: A relación das prazas provisionais 2014/2015 será publicado no taboleiro de avisos da EASDRF.
- Os seleccionados deberán dar unha confirmación por escrito no prazo de 10 días laborables. A ausencia expresa da aceptación dun estudante será considerado que renuncia a praza concedida tanto provisionalmente como definitivamente.
- Renuncias: Se, xa fora concedida unha praza, por calquera motivo, e o estudante tivera que renunciar a bolsa Erasmus, deberá notificalo por escrito o máis axiña posible o Coordinador Erasmus da EARF.  
No caso de renunciar, unha vez iniciada a estadia Erasmus, tamén será notificada por escrito, o Coordinación Erasmus. Neste caso, ten que devolver o Secretario do Centro as cantidades que houber percibido e non lle corresponderan. As renuncias que se produciran despois do inicio da mobilidade, sen causa xustificada, serán consideradas para futuras convocatorias internacionais.
- Resolución: Publicada pola Dirección da Escola a proposta da Comisión Erasmus.  
Nota importante: O dereito a praza está suxeito á aceptación de cada alumno pola institución de acollida.
- Prazas sobrantas dentro da convocatoria: Os alumnos que presentaran a súa solicitude en prazo e forma previstos na convocatoria, e non obtiveran unha praza en calquera das empresas cunha lingua, cuxo coñecemento fose acreditada, poderá ser promovida polo Coordinador / Erasmus para unha praza nunha empresa cunha lingua diferente. O estudante só poderá acceder a esta empresa, se compromete, por escrito, a cursar e superar antes da súa partida un curso intensivo desa lingua nun centro de linguas.
- O coordinador Erasmus do Centro solicitará os certificados de nota media o Secretario da EASDRF do expediente académico de cada alumno presentado a selección, unha vez rematado o prazo de inscrición.

#### **CALENDARIO DA CONVOCATORIA.**

- Publicación da lista provisional de adxudicación de prazas: O 2 de Decembro de 2015.
- Confirmación dos alumnos/as seleccionadas na lista final concedidas no curso académico 2015/2016: Prazo máximo 11 de Xaneiro de 2016. E prazo para a solicitude de devolución do depósito.

#### **DEREITOS E OBRIGAS DOS ALUMNOS.**

Están establecidos na Carta Erasmus concedida pola Comisión Europea para a EASDRF Lugo Tódolos procedementos de xestión relacionadas coa permanencia do alumno no país de destino, o aloxamento e manutención, así como a documentación esixida pola empresa de destino serán responsabilidade de cada alumno. Así tamén o será no seu caso o trámite de obtención do visado ou residencia, cando proceda.

### **ALOXAMENTO NO EXTRANXEIRO.**

Tódolos gastos de aloxamento e manutención no estranxeiro, serán por conta e responsabilidade de cada alumno, así como da súa busca e reserva. Aínda que a coordinación Erasmus da EASDRF fará xestións neste sentido para facilitárllela, os seleccionados.

### **GUÍA DE TRÁMITES.**

Antes da súa partida: Indicaráselle a cada alumno seleccionado, tódolos documentos e informacións de interese académico sobre a súa estadía no exterior e ao seu retorno a EASDRFLugo:

- Impreso de aceptación da praza Erasmus Prácticas.
- Carta de estudante Erasmus.
- Certificado ou credencial Erasmus.
- Certificados de Chegada e fin da estadía.
- Contrato Prácticas (Learning Agreement).
- Acordo financeiro.
- Para ter cobertura médica no país de destino durante o período de permanencia Erasmus, cada alumno debe solicitar a Tarxeta Sanitaria Europea no INSALUD, ou ben a tarxeta da compañía sanitaria de MUFACE do estudante ou beneficiario.
- Cada alumno Erasmus deberá cubrir e enviar os formularios que a súa empresa lle envíe antes da súa estancia nos prazos establecidos por ela. Se o estudante non cumprira eses procedementos e prazos pode ser rexeitado pola empresa de destino.
- Cada alumno Erasmus deberá presentarse na empresa de destino o día fixado por ela, coñecer o regulamento interno da empresa e permanecer no estranxeiro o número de meses indicado na presente convocatoria.

Durante a súa estancia no exterior: Os alumnos permanecerán en contacto co coordinador Erasmus da EASD Lugo, a fin de solucionar calquera problema que puidera xurdir. Esta comunicación dos estudantes Erasmus deberá facerse preferentemente por correo electrónico.

Os alumnos deberán enviar os certificados de chegada e final da estadía a EASD Lugo.

O alumno está obrigado a rexistrarse no Consulado de España en cuestión.

#### **● O retornar:**

- Entregar o certificado de fin das prácticas na empresa de destino, na EASDRF de Lugo asinado e co selo no certificado de final da estadía.
- Informe do alumno.
- Sinatura ou copia da recepción de bolsa de estudos.
- Certificado de cualificacións obtidas na empresa estranxeira.

### **CLÁUSULAS FINAIS**

- O incumprimento de calquera dos requisitos implicará a perda do status Erasmus.
- O cobro do valor da bolsa, e a obtención de equivalencias de estudos quedará subordinada ao cumprimento integral por parte dos alumnos de todas e cada unha das etapas contidas nesta convocatoria.
- Se un estudante retorna antes da data prevista, estará obrigado a devolver os cartos da parte proporcional do importe da bolsa a EASDRF Lugo, dos meses de permanencia que non fixo. Unha estancia de menos de dous meses non se considerará Erasmus nin económicas nin académica. Recordase que a empresa de acollida non remunerará o estudante con cantidade algunha.

Os interesados poden interpoñer recurso contra os actos administrativos derivados desta convocatoria, nos casos e formas previstos na Lei sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (Ley30/92 20 de Novembro).

A presentación a esta convocatoria Erasmus+, constitúe, en todos os seus termos, a aceptación das bases definidas na presente convocatoria

En Lugo, 3 de Novembro de 2015

Coordinador de Relacións Internacionais

Fontal Alvarez Xosé